

de 1946 a 1959. Segundo o profesor Alonso del Real era o que máis sabía do mundo dos petróglifos e da cultura megalítica. Foi o primeiro que aplicou a edafoloxía nunhas excavacións. Desmonta a pouco menos que intocable teoría dos grupos de Obermaier, rexeitando pola súa condición claramente moderna os temas que o autor alemán incluíra no grupo antigo. Co resto da temática, forma o que denomina grupo galaico-atlántico que data ao longo da Idade do Cobre e do Bronce. Podemos extraer algunhas anotacións da súa axenda para ilustrar o seu método de traballo:

14 de outubro de 1949. Monte de Fraiz. Canteira de Roberto Adrán. A 1 km e pico da estrada polo camiño da casa de Albadornedo. Roxos. Extraeu pedras con petróglifos. Vin un no obradoiro nunha pedra no obradoiro de labra dos Feáns. Pedra empregada no "Salón Teatro".

19 de outubro de 1949. Vou ver a pedra. Está desfeita. Nunha pena próxima descubro un círculo moi esvaecido, o sitio chámase "Pedra do Encanto", as Lamas, monte de Fraiz, parroquia de Vilvestro. Os rapaces dicían que eran tixolas. Cando estaban metendo os grilos para partila, o traballo era tan penoso e o dono (R. Adrán) dixo: "O encanto da pedra fai forza para afora".


Estes apuntamentos aumentan o seu interese porque nos falan de moitos xacementos xa desaparecidos.



COMPOSTELA RUPESTRE

Exposición no CIVI

Vilvestro
(Santiago de Compostela)



COMPOSTELA RUPESTRE: HISTORIA DO ESTUDO CENÉTICO DOS PETRÓGLIFOS GALAICOS

En Galicia coñécense actualmente unhas 2000 laxes con gravados rupestres. Cada ano descóbrense novas estacións, como as que aquí presentamos do Val de Roxos atopadas por membros do Colectivo A Rula en 2014. Moitas desapareceron da man dos canteiros e outras están aínda por descubrir. Hai laxes con máis de 200 gravados e algunhas combinacións circulares teñen ata 3 metros de diámetro. Un patrimonio espectacular, fascinante e rodeado de misterio. Podemos dicir, copiando a Antonio de la Peña, que esta arte rupestre nosa é un fenómeno tan excepcional que podería e debería ser considerado sen demasiadas dificultades como a manifestación cultural máis orixinal, peculiar e representativa de entre todas as que se teñen producido en Galicia ao longo dos tempos. Sorprende non obstante que ata a segunda metade do século XIX non se tivera nin idea da existencia destes gravados nos ambientes eruditos. Por suposto que os coñecían as xentes do campo pero non lle daban ningunha importancia nin valor; sabían que había "penas con tixolas" e moitas eran campo de xogo para nenos e nenas que as usaban como tobogáns, as penas escorregadoiras, como relataron diferentes veciños e veciñas sobre a Pedra que Fala en Vilar do Rei e a Pedra da Legua e o petróglifo de Trasigrexia en Vilvestro, laxes que podemos ver nesta exposición.

PRIMEIROS PRECURSORES: A SOCIEDADE ARQUEOLÓXICA DE PONTEVEDRA E ENRIQUE CAMPO SOBRINO

Os primeiros precursores serán, entre outros, Barros Silvelo e Murguía que inclúen nas súas obras os debuxos dalgún petróglifo. Pero os verdadeiros impulsores do coñecemento da arte rupestre en Galicia serán os membros da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Esta entidade nace en 1894 e deseguida vai tecendo unha densa rede de colaboradores dispersos por toda Galicia que traballarán pola recuperación da memoria histórica e cultural galega. Entre eses colaboradores haberá fotógrafos e debuxantes que, como Enrique Campo Sobrino (1890-1911), deixarán testemuña gráfica, con precisión milimétrica, dos petróglifos.

Enrique Campo, con só dezaseis anos, foi nomeado socio emérito da Sociedade Arqueolóxica o 31 de decembro de 1906, converténdose en debuxante oficial e colaborador habitual dela. Durante o ano 1909 foi nomeado delegado da Sección Arqueolóxica da Exposición Rexional de Santiago para a que, acompañado do gravador e acibecheiro compostelán Enrique Mayer Castro (1856-1933), realiza unha viaxe de ampla catalogación gráfica. No seu diario anotou comentarios artísticos, topográficos e etnográficos.

EXPOSICIÓN REXIONAL GALEGA DE 1909

Celébrase esta ambiciosa exposición entre xullo e outubro de 1909, coincidindo co primeiro ano santo do século, sendo inaugurada o 25 de xullo polo rei Alfonso XIII. Contou cunha altísima participación cidadá e institucional e por ela pasaron máis de 53.000 visitantes, o dobre da poboación de Compostela que naquel momento roldaba os 23.000 habitantes. Segundo os seus promotores, con este magno evento querían rexurdir o ideal da terra galega e da súa xente. En 1909 tamén empezaron as primeiras peregrinacións organizadas.

A exposición ocupaba o edificio de San Clemente, actualmente Instituto Rosalía Castro, o edificio modernista de Santa Susana na Ferradura, obra de Antonio Palacios, e 30.000 metros cadrados no que hoxe é o Campus Sur onde estaba a sección contemporánea e á que se accedía a través dunha soberbia escalinata de estilo vienés que se conserva, dalgún xeito, na actual escaleira que enlaza a Ferradura coa Residencia. Ademais de exemplos da industria e a cultura galegas, a exposición contaba con cinematógrafo, un carrusel mecánico, un circo ecuestre, atraccións, restaurante, quioscos etc.

No Colexio de San Clemente estaba a Sección Arqueolóxica que reunía unhas 10.000 pezas de arqueoloxía, escultura, pintura, tapices, mobles e outras obras. Aquí se expuxo, cun rotundo éxito, o traballo de Enrique Campo Sobrino que estaba composto, entre outras obras, por debuxos e reproducións en xeso de petróglifos do noso patrimonio rupestre. Terán que pasar cento seis anos para que se presente ao público outra exposición sobre gravados prehistóricos en Santiago.

RAMÓN SOBRINO BUHIGAS: ARQUEÓLOGO

Ramón Sobrino Buhigas (Pontevedra 1888 e Valladolid 1946) arqueólogo e naturalista, era curmán de Enrique Campo Sobrino e probablemente compañeiro de exploracións polo monte nunha busca que empezou polas ciencias naturais, na procura de insectos e minerais, e que a partir de 1907 se transformou na busca de petróglifos. Probablemente Enrique Campo transmitiulle o seu entusiasmo e fervor por todo aquilo, como así o recoñece o mesmo Sobrino Buhigas na dedicatoria do *Corpus* á súa memoria.

Nas primeiras décadas do século XX había un interese importante pola prehistoria de Galicia, pero Sobrino Buhigas elixe unha temática orixinal, os petróglifos, que nas publicacións da época aparecían escasamente, e dálle un enfoque tamén orixinal de investigación europea. Foi o descubridor de numerosas estacións de gravados rupestres, realizando unha gran cantidade de debuxos, fotografías e baleirados en xeso, moitos dos cales se conservan no Museo de Pontevedra. Entre outros moitos, estudou o petróglifo do Castriño de Conxo que descubrira o seu fillo Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza en 1935 cando contaba con vinte anos.

Ramón Sobrino Buhigas estudou Ciencias e Odontoloxía, e foi profesor de ciencias e máis tarde de odontoloxía na Universidade de Santiago, tamén foi profesor na Escola de Artes e Oficios. Pero como di Antonio Fraguas Fraguas foi a prehistoria o encanto central do seu estudo. Publicou diversas investigacións, entre as que destaca como unha das máis importantes o *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* en 1935.

CORPUS PETROGLYPHORUM GALLAECIAE

O *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* foi publicado en 1935 polo Seminario de Estudos Galegos (SEG), entidade fundada en 1926 por un grupo de persoas vinculadas á Universidade de Santiago. Co *Corpus* e co *Codex Calixtinus*, que non chegou publicarse, o SEG quixo iniciar unha colección de publicacións de prestixio que quedou interrompida en 1936. Parece ser que, ademais, pretendíase a publicación dun segundo volume do *Corpus*, como parece indicar a estrellina no lombo que leva o tomo. Esta obra é o froito do traballo de décadas de Ramón Sobrino Buhigas en estreita colaboración coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, e supuxo a maior difusión internacional do patrimonio rupestre galego.

O *Corpus*, que está en latín, é esencialmente gráfico xa que contén 188 láminas de debuxos e fotografías e un mapa de petróglifos da provincia de Pontevedra. Segundo palabras do seu neto, Angel Núñez Sobrino, na edición facsimil do *Corpus* publicada tamén polo SEG, esta é unha obra concienzudamente preparada por alguén que a traballou, polo menos, ao longo de 17 anos [...] elaborada coa súa cámara fotográfica, os seus descubrimentos, os seus coñecementos obtidos en Francia e Inglaterra, os seus progresos, os seus debuxos e a súa correspondencia epistolar. Nesta importantísima obra para o estudo da prehistoria na Península Ibérica danse a coñecer cento quince novas estacións rupestres —ata 1917 só se coñecían trinta e dúas— e a inmensa maioría foron descubertas por Ramón Sobrino Buhigas. No momento da publicación do *Corpus* coñecíanse unhas 500 estacións rupestres en Galicia.

Ademais do abundante material gráfico e as 482 referencias bibliográficas que contén, o *Corpus* tamén aborda na introdución de Ramón Sobrino Buhigas cuestións tan interesantes como as formas e tipos de petróglifos, as técnicas de gravado, onde están e cara onde se orientan, a súa datación e o seu significado e interpretación, con información en gran parte válida hoxe en día.

RAMÓN SOBRINO LORENZO-RUZA: O NIVEL MÁIS ALTO DA INVESTIGACIÓN

Despois da efervescencia de finais do século XIX e das primeiras décadas do século XX que culminan coa publicación do *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*, a guerra de 1936 e deseguido a Segunda Guerra Mundial, provocan que a investigación sobre a arte rupestre en Galicia sufra un longo estancamento. Haberá que agardar á década dos anos cincuenta para asistir a un certo despegue das mans do investigador irlandés Eoin Mac White, que tratará dos nosos gravados nun amplo e documentado estudo sobre as relacións atlánticas na Idade do Bronce e, sobre todo, das obras do máis insigne estudoso do tema: Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza fillo de Ramón Sobrino Buhigas a quen acompañou na súa infancia e xuventude nas excursións para catalogar e estudar os petróglifos por toda Galicia (entre 1927 e 1933 aproximadamente). A el se debe o descubrimento do petróglifo do Castriño de Conxo que será estudado polo seu pai.

Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza nace en Poio o 3 de marzo de 1915 e morre repentinamente na súa casa da rúa do Villar 67 en Santiago o 3 de febreiro de 1959. Licenciado en medicina e cirurxía pola Universidade de Santiago, foi profesor de debuxo lineal na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo e aparelador municipal.

Era un investigador metódico como amosan as anotacións das súas axendas e os magníficos debuxos que fixo nos seus cadernos de campo con medidas precisas nun período que vai